

Solubidade

● Solubidade. Efecto do ión común

1. A 25 °C o produto de solubidade do Ba(IO₃)₂ é 6,5·10⁻¹⁰. Calcula:
- As concentracións molares dos ións iodato e bario.
 - A masa de iodato de bario que se pode disolver en 200 cm³ de auga.
 - A solubidade do citado sal, en g/dm³, nunha disolución de concentración 0,1 mol/dm³ de KIO₃ a 25 °C considerando que este sal se atopa totalmente disociado.

Problema tipo baseado en A.B.A.U. xuño 19

Rta.: a) $s = [\text{Ba}^{2+}] = 5,5 \cdot 10^{-4} \text{ mol/dm}^3$; $[\text{IO}_3^-] = 1,1 \cdot 10^{-3} \text{ mol/dm}^3$; b) $m = 0,053 \text{ g}$; c) $s' = 3,2 \cdot 10^{-5} \text{ g/dm}^3$.

Datos

Produto de solubidade do Ba(IO₃)₂

Concentración da disolución do KIO₃

Masa molar do iodato de bario

Cifras significativas: 2

$$K_s = 6,5 \cdot 10^{-10}$$

$$[\text{KIO}_3] = 0,10 \text{ mol/dm}^3$$

$$M(\text{Ba}(\text{IO}_3)_2) = 487 \text{ g/mol}$$

Incógnitas

Solubidade (mol/dm³) do Ba(IO₃)₂ en auga

s_a

Concentracións (mol/dm³) dos ións

$[\text{IO}_3^-]$, $[\text{Ba}^{2+}]$

Solubidade (g/dm³) do Ba(IO₃)₂ en KIO₃ 0,1 mol/dm³

s'


Ecuacións

Produto de solubidade do equilibrio: $\text{B}_b\text{A}_a(\text{s}) \rightleftharpoons b \text{B}^{\beta+}(\text{aq}) + a \text{A}^{\alpha-}(\text{aq})$

$$K_s = [\text{A}^{\alpha-}]^a \cdot [\text{B}^{\beta+}]^b$$

Solución:

a) O equilibrio de solubidade é:



		Ba(IO ₃) ₂	⇌	Ba ²⁺	2 IO ₃ ⁻	
Concentración no equilibrio	[X] _e			s	2 s	mol/dm ³

A constante de equilibrio K_s é:

$$K_s = [\text{Ba}^{2+}]_e \cdot [\text{IO}_3^-]_e^2 = s (2 s)^2 = 4 s^3 = 6,5 \cdot 10^{-10}$$

A solubidade do iodato de bario en auga vale:

$$s_a = \sqrt[3]{\frac{K_s}{4}} = \sqrt[3]{\frac{6,5 \cdot 10^{-10}}{4}} = 5,5 \cdot 10^{-4} \text{ mol Ba}(\text{IO}_3)_2/\text{dm}^3 \text{ D}$$


As concentracións dos ións valen:

$$\begin{aligned} [\text{Ba}^{2+}]_e &= s = 5,5 \cdot 10^{-4} \text{ mol/dm}^3 \\ [(\text{IO}_3)^-] &= 2 s = 1,1 \cdot 10^{-3} \text{ mol/dm}^3 \end{aligned}$$

b) En 200 cm³ de auga disolveranse:

$$n = 200 \text{ cm}^3 \text{ D} \cdot \frac{1 \text{ dm}^3}{10^3 \text{ cm}^3} \cdot \frac{5,5 \cdot 10^{-4} \text{ mol Ba}(\text{IO}_3)_2}{1 \text{ dm}^3 \text{ D}} \cdot \frac{487 \text{ g mol Ba}(\text{IO}_3)_2}{1 \text{ mol Ba}(\text{IO}_3)_2} = 0,053 \text{ g Ba}(\text{IO}_3)_2$$

c) O iodato de potasio está totalmente disociado.



$$[\text{IO}_3^-] = [\text{KIO}_3] = 0,10 \text{ mol IO}_3^-/\text{dm}^3 \text{ D}$$

Cando se dissolve o iodato de bario na disolución de iodato de potasio, que xa contén ións iodato, as concentracións son:

		Ba(IO ₃) ₂	⇌	Ba ²⁺	2 IO ₃ ⁻	
Concentración inicial	[X] ₀			0	0,10	mol/dm ³
Concentración que reacciona ou se forma	[X] _r	s _b	→	s _b	2 s _b	mol/dm ³
Concentración no equilibrio	[X] _e			s _b	0,10 + 2 s _b	mol/dm ³

A constante de equilibrio K_s é:

$$K_s = [\text{Ba}^{2+}]_e \cdot [\text{IO}_3^-]_e^2 = s_b \cdot (0,10 + 2 s_b)^2 = 6,5 \cdot 10^{-10}$$

En primeira aproximación, podemos considerar desprezable s_b fronte a 0,1, (s_b << 0,1). Entón:

$$s_b \cdot 0,10^2 \approx 6,5 \cdot 10^{-10}$$

$$s_b = \frac{6,5 \cdot 10^{-10}}{0,10^2} = 6,5 \cdot 10^{-8} \text{ mol/dm}^3$$

Vese que ese valor é desprezable fronte a 0,10.

A concentración en g/dm³ é:

$$s' = \frac{6,5 \cdot 10^{-8} \text{ mol}}{1 \text{ dm}^3} \cdot \frac{487 \text{ g Ba (IO}_3)_2}{1 \text{ mol Ba (IO}_3)_2} = 3,2 \cdot 10^{-5} \text{ g/dm}^3$$

As respostas poden obterse na pestana «Solub» da folia de cálculo [Química \(gal\)](#). [Instrucións](#).

En DATOS, escriba:

Composto pouco soluble:	Ba(IO3)2	Produto de solubilidade	6,50E-10	K _s
-------------------------	----------	-------------------------	----------	----------------

RESULTADOS:

	Ba(IO ₃) ₂ (s)	⇌	Ba ²⁺ (aq)	+	2 (IO ₃) ⁻ (aq)	
	K _s = 6,50·10 ⁻¹⁰	=	s	·	(2 s) ²	= 4 s ³
Solubilidade	mol/dm ³				g/dm ³	
En auga	5,46·10 ⁻⁴		0,266			

Para os apartados b) e c), escriba, en DATOS:

		Volumen	Concentración
Ión/composto soluble:	KIO3	200 cm ³	0,1 mol/dm ³

En RESULTADOS, elixa agora «g» á dereita de «Solubilidade», «200 cm³» á dereita de «En auga», e «1 dm³» á dereita de «En D(KIO₃)». O resultado que aparece é:

Solubilidade	mol	g en	
En auga	1,09·10 ⁻⁴	0,0532	200 cm ³
En D(KIO ₃)	6,50·10 ⁻⁸	3,17·10 ⁻⁵	1 dm ³

● Precipitación

1. O produto de solubilidade do ioduro de prata é 8,3·10⁻¹⁷. Calcula:

- A solubilidade do ioduro de prata expresada en g·dm⁻³
- A masa de ioduro de sodio que se debe engadir a 100 cm³ de disolución de concentración 0,005 mol/dm³ de nitrato de prata para iniciar a precipitación do ioduro de prata.

(P.A.U. set. 10)

Rta.: a) s = 2,1·10⁻⁶ g/dm³; b) m = 2,5·10⁻¹³ g NaI.

Datos

Produto de solubilidadade do AgI
 Volume de disolución de AgNO₃
 Concentración da disolución de AgNO₃
 Masa molar: Ioduro de prata
 Ioduro de sodio

Cifras significativas: 2

$K_s = 8,3 \cdot 10^{-17}$
 $V_1 = 100 \text{ cm}^3 = 0,100 \text{ dm}^3$
 $[\text{AgNO}_3] = 0,0050 \text{ mol/dm}^3$
 $M(\text{AgI}) = 235 \text{ g/mol}$
 $M(\text{NaI}) = 150 \text{ g/mol}$

Incógnitas

Solubilidadade do ioduro de prata
 Masa de ioduro de sodio para iniciar a precipitación

s
 $m(\text{NaI})$


Ecuacións

Cantidade (número de moles)
 Concentración molar (mol/dm³)
 Produto de solubilidadade do equilibrio: $B_b A_a(s) \rightleftharpoons b B^{\beta+}(aq) + a A^{\alpha-}(aq)$

$n = m / M$
 $s = n / V = s' / M$
 $K_s = [A^{\alpha-}]^a \cdot [B^{\beta+}]^b$

Solución:

a) O equilibrio de solubilidadade é:



Chámase s á solubilidadade, que é a concentración de sólido que se dissolve, e dedúcese a concentración dos ións formados, de acordo coa estequiometría da reacción.

		AgI	\rightleftharpoons	Ag ⁺	I ⁻	
Concentración no equilibrio	[X] _e			s	s	mol/dm ³

A constante de equilibrio K_s é:


$$K_s = [\text{Ag}^+]_e \cdot [\text{I}^-]_e = s \cdot s = s^2 = 8,3 \cdot 10^{-17}$$

Calcúlase a solubilidadade:

$$s = \sqrt{K_s} = \sqrt{8,3 \cdot 10^{-17}} = 9,1 \cdot 10^{-9} \text{ mol AgI/dm}^3 \text{ D}$$

$$s' = 9,1 \cdot 10^{-9} \text{ mol AgI/dm}^3 \text{ D} \frac{235 \text{ g AgI}}{1 \text{ mol AgI}} = 2,1 \cdot 10^{-6} \text{ g/dm}^3 \text{ D}$$

b) O AgNO₃ está totalmente dissociado na disolución




A concentración do ión prata é:

$$[\text{Ag}^+] = [\text{AgNO}_3] = 0,0050 = 5,0 \cdot 10^{-3} \text{ mol/dm}^3$$

Formarase precipitado cando $Q = [\text{Ag}^+] \cdot [\text{I}^-] \geq K_s$

$$[\text{I}^-] \geq \frac{K_s}{[\text{Ag}^+]} = \frac{8,3 \cdot 10^{-17}}{5,0 \cdot 10^{-3}} = 1,7 \cdot 10^{-14} \text{ mol/dm}^3$$

Cando se disolva o ioduro de sodio, dissociarase totalmente:



A concentración de ioduro de sodio será:

$$[\text{NaI}] = [\text{I}^-] = 1,7 \cdot 10^{-14} \text{ mol/dm}^3$$

Calcúlase a masa de ioduro de sodio necesaria para preparar 100 cm³ de disolución desa concentración:

$$m(\text{NaI}) = 0,100 \text{ dm}^3 \cdot \frac{1,7 \cdot 10^{-14} \text{ mol NaI}}{1 \text{ dm}^3} \cdot \frac{150 \text{ g NaI}}{1 \text{ mol NaI}} = 2,5 \cdot 10^{-13} \text{ g NaI}$$

As respostas poden obterse na pestana «Solub» da folia de cálculo [Química \(gal\)](#). [Instrucións](#).

En DATOS, escriba:

Composto pouco soluble:	AgI	Producto de solubilidad	8,30E-17	K_s
-------------------------	-----	-------------------------	----------	-------

RESULTADOS:

	AgI(s)	\rightleftharpoons	Ag ⁺ (aq)	+	I ⁻ (aq)	
	$K_s = 8,30 \cdot 10^{-17}$	=	s	·	s	= s ²
Solubidade	mol/dm ³				g/dm ³	
En auga	9,11 · 10 ⁻⁹		2,14 · 10 ⁻⁶			
En 1 L D(AgNO ₃)	1,66 · 10 ⁻¹⁴		3,90 · 10 ⁻¹²			

Para o apartado b), escriba en DATOS:

		Volume	Concentración
Ión/composto soluble:	AgNO ₃	100 cm ³	0,005 mol/dm ³
2º ión/composto soluble:	NaI		

En RESULTADOS, elixa «Masa».

Precipitación	
Para que precipite AgI	
Masa	$m = 2,49 \cdot 10^{-13} \text{ g NaI}$

2. O produto de solubilidadade do cloruro de chumbo(II) é $1,6 \cdot 10^{-5}$ a 298 K.
- Determina a solubilidadade do cloruro de chumbo(II) expresada en mol/dm³.
 - Mestúranse 200 cm³ dunha disolución de concentración $1,0 \cdot 10^{-3}$ mol/dm³ de Pb(NO₃)₂ e 200 cm³ dunha disolución de HCl de pH = 3,00. Supoñendo que os volumes son aditivos indica se precipitará cloruro de chumbo(II).

(P.A.U. set. 12)

Rta.: a) $s = 0,016 \text{ mol/dm}^3$; b) Non.

Datos

- Produto de solubilidadade do PbCl₂
- Volume de disolución de Pb(NO₃)₂
- Concentración da disolución do Pb(NO₃)₂
- Volume de disolución de HCl
- pH da disolución de HCl

Cifras significativas: 2

- $K_s = 1,6 \cdot 10^{-5}$
- $V_1 = 200 \text{ cm}^3 = 0,20 \text{ dm}^3$
- $[\text{Pb}(\text{NO}_3)_2]_0 = 1,0 \cdot 10^{-3} \text{ mol/dm}^3$
- $V_2 = 200 \text{ cm}^3 = 0,20 \text{ dm}^3$
- pH = 3,0

Incógnitas

- Solubilidadade do PbCl₂
- Se se formará precipitado

- s
- Q


Ecuacións

- Concentración molar (mol/dm³)
- pH
- Produto de solubilidadade do equilibrio: $B_b A_a(s) \rightleftharpoons b B^{\beta+}(aq) + a A^{\alpha-}(aq)$

- $s = n / V = s' / M$
- $\text{pH} = -\log[\text{H}^+]$
- $K_s = [\text{A}^{\alpha-}]^a \cdot [\text{B}^{\beta+}]^b$

Solución:

a) O equilibrio de solubilidade é



Chámase s á solubilidade, que é a concentración de sólido que se dissolve, e dedúcese a concentración dos ións formados, de acordo coa estequiometría da reacción.

		PbCl_2	\rightleftharpoons	Pb^{2+}	2Cl^{-}	
Concentración no equilibrio	$[\text{X}]_e$			s	s	mol/dm^3


A constante de equilibrio é:

$$K_s = [\text{Pb}^{2+}]_e \cdot [\text{Cl}^{-}]_e^2 = s \cdot (2s)^2 = 4s^3 = 1,6 \cdot 10^{-5}$$

Calcúlase a solubilidade:

$$s = \sqrt[3]{\frac{1,6 \cdot 10^{-5}}{4}} = 0,016 \text{ mol/dm}^3$$


b) O nitrato de chumbo(II) disolto está totalmente disociado.



A concentración inicial do ión Pb^{2+} é:

$$[\text{Pb}^{2+}]_0 = [\text{Pb}(\text{NO}_3)_2]_0 = 1,0 \cdot 10^{-3} \text{ mol/dm}^3$$

A ionización do HCl disolto é:



A concentración inicial de ións Cl^{-} é a mesma que a de ións H^{+} , que se calcula a partir do pH:

$$[\text{H}^{+}] = 10^{-\text{pH}} = 10^{-3,0} = 1,0 \cdot 10^{-3} \text{ mol/dm}^3$$

$$[\text{Cl}^{-}]_0 = [\text{H}^{+}]_0 = 1,0 \cdot 10^{-3} \text{ mol/dm}^3$$

Ao mesturar ambas as disolucións, dilúense. Como os volumes considéranse aditivos, o volume da mestura é a suma dos volumes de cada disolución e as novas concentracións son:

$$[\text{Pb}^{2+}] = \frac{n(\text{Pb}^{2+})}{V_T} = \frac{0,20[\text{dm}^3] \cdot 1,0 \cdot 10^{-3} [\text{mol Pb}^{2+} / \text{dm}^3]}{0,40[\text{dm}^3]} = 5,0 \cdot 10^{-4} \text{ mol Pb}^{2+} / \text{dm}^3$$

$$[\text{Cl}^{-}] = \frac{n(\text{Cl}^{-})}{V_T} = \frac{0,20 \text{ dm}^3 \cdot 1,0 \text{ time } 10^{-3} \text{ mol Cl}^{-} / \text{dm}^3}{0,40 \text{ dm}^3} = 5,0 \cdot 10^{-4} \text{ mol Cl}^{-} / \text{dm}^3$$

Formarase precipitado se $Q = [\text{Pb}^{2+}] \cdot [\text{Cl}^{-}]^2 > K_s$

$$Q = [\text{Pb}^{2+}] \cdot [\text{Cl}^{-}]^2 = 5,0 \cdot 10^{-4} \cdot (5,0 \cdot 10^{-4})^2 = 1,3 \cdot 10^{-10} < 1,6 \cdot 10^{-5}$$

Por tanto, non se forma precipitado.

As respostas poden obterse na pestana «Solub» da folia de cálculo [Química \(gal\)](#). [Instrucións](#).

En DATOS, escriba:

Composto pouco soluble:	<input type="text" value="PbCl2"/>	Producto de solubilidade	<input type="text" value="1,60E-05"/> K_s
-------------------------	------------------------------------	--------------------------	---

RESULTADOS:

	$\text{PbCl}_2(\text{s})$	\rightleftharpoons	$\text{Pb}^{2+}(\text{aq})$	+	$2 \text{Cl}^{-}(\text{aq})$	
	$K_s = 1,60 \cdot 10^{-5}$	=	s	·	$(2s)^2$	= $4s^3$
Solubilidade	mol/dm^3		<input type="text" value="0,0159"/>		g/dm^3	pH
En auga	0,0159		4,41		<input type="text" value=""/>	

Para o apartado b), escriba en DATOS:

	Volume	Concentración
--	--------	---------------

Ión/composto soluble:	Pb(NO ₃) ₂	200	cm ³	1,00E-03	mol/dm ³
2º ión/composto soluble:	HCl	200	cm ³	3	pH

RESULTADOS:

Precipitación	Non
$[Pb^{2+}] \cdot [Cl^-]^2 = 5,00 \cdot 10^{-4} \cdot (5,00 \cdot 10^{-4})^2$	$< K_s = 1,60 \cdot 10^{-5}$

3. Dispónse dunha disolución que contén unha concentración de Cd²⁺ de 1,1 mg/dm³. Quérese eliminar parte do Cd²⁺ precipitándoo cun hidróxido, en forma de Cd(OH)₂. Calcula:

- a) O pH necesario para iniciar a precipitación.
- b) A concentración de Cd²⁺, en mg/dm³, cando o pH é igual a 12.

$K_s(Cd(OH)_2) = 1,2 \cdot 10^{-14}$.

(P.A.U. xuño 16)

Rta.: a) pH = 9,5; b) $[Cd^{2+}]_b = 1,3 \cdot 10^{-5}$ mg/dm³.

Datos

Produto de solubilidade do Cd(OH)₂

Concentración de ión cadmio

Masa atómica: Cd

pH para calcular a $[Cd^{2+}]$ no apartado b

Incógnitas

pH necesario para iniciar a precipitación

Concentración de ión cadmio a pH = 12

Ecuacións

Concentración molar (mol/dm³)

pH

pOH

Produto iónico da auga

Produto de solubilidade do equilibrio: $B_b A_a(s) \rightleftharpoons b B^{\beta+}(aq) + a A^{\alpha-}(aq)$

Cifras significativas: 2

$K_s = 1,2 \cdot 10^{-14}$

$[Cd^{2+}] = 1,1$ mg/dm³

$M(Cd) = 112$ g/mol

$pH_b = 12$

pH

$[Cd^{2+}]_b$

$s = n / V = s' / M$

$pH = -\log[H^+]$


$pOH = -\log[OH^-]$

$pH + pOH = 14$

$K_s = [A^{\alpha-}]^a \cdot [B^{\beta+}]^b$

Solución:

a) O equilibrio de solubilidade do Cd(OH)₂ é:



A constante de equilibrio K_s de solubilidade en función das concentracións é:

$K_s = [Cd^{2+}]_e \cdot [OH^-]_e^2$

O Cd(OH)₂ precipitará cando o produto das concentracións sexa maior ou igual ao seu produto de solubilidade.

$Q = [Cd^{2+}] \cdot [OH^-]^2 > K_s$

Calcúlase a concentración de ión cadmio:

$[Cd^{2+}] = \frac{1,1 \text{ mg}}{1 \text{ dm}^3} \cdot \frac{1 \text{ g}}{10^3 \text{ mg}} \cdot \frac{1 \text{ mol Cd}^{2+}}{112 \text{ g Cd}^{2+}} = 9,8 \cdot 10^{-6} \text{ mol/dm}^3$

Supoñendo que esta concentración non varía ao engadirlle unha disolución que conteña ións hidróxido, a concentración de ións hidróxido necesaria para que comece a precipitar hidróxido de cadmio é:

$[OH^-] = \sqrt{\frac{K_s}{[Cd^{2+}]}} = \sqrt{\frac{1,20 \cdot 10^{-14}}{9,8 \cdot 10^{-6}}} = 3,5 \cdot 10^{-5} \text{ mol/dm}^3$

Calcúlanse o pOH e o pH:

$$pOH = -\log[OH^-] = -\log(3,5 \cdot 10^{-5}) = 4,5$$

$$pH = 14,0 - pOH = 14,0 - 4,5 = 9,5$$

b) Cando o pH = 12, o pOH = 14 - 12 = 2, e a concentración de ións hidróxido vale:

$$[OH^-]_b = 10^{-pOH} = 10^{-2} = 0,010 \text{ mol/dm}^3$$

A concentración de ións cadmio calcúlase a partir do produto de solubilidade:

$$[Cd^{2+}]_b = \frac{K_s}{[OH^-]^2} = \frac{1,20 \cdot 10^{-14}}{0,010^2} = 1,20 \cdot 10^{-10} \text{ mol/dm}^3$$

$$[Cd^{2+}]_b = \frac{1,20 \cdot 10^{-10} \text{ mol}}{1 \text{ dm}^3} \cdot \frac{112 \text{ g Cd}^{2+}}{1 \text{ mol Cd}^{2+}} \cdot \frac{10^3 \text{ mg}}{1 \text{ g}} = 1,3 \cdot 10^{-5} \text{ mg/dm}^3$$

As respostas poden obterse na pestana «Solub» da folla de cálculo [Química \(gal\)](#). [Instrucións](#).

En DATOS, escriba:

Composto pouco soluble:	Cd(OH) ₂	Producto de solubilidade	1,20E-14	K _s
2º composto pouco soluble:		solubilidade		
		Volumen		Concentración
Ión/composto soluble:	Cd ²⁺			1,10E-03 g/dm ³
2º ión/composto soluble:	OH ⁻			

En RESULTADOS elixa pH.

	Cd(OH) ₂ (s)	⇌	Cd ²⁺ (aq)	+	2 (OH) ⁻ (aq)	
	K _s = 1,20·10 ⁻¹⁴	=	s	·	(2 s) ²	= 4 s ³
Solubilidade	mol/dm ³		g/dm ³			pH
En auga	1,44·10 ⁻⁵		0,00211			9,46
En 1 L D(Cd ²⁺)	1,18·10 ⁻⁵		0,00173			
Precipitación						
Para que precipite Cd(OH) ₂						
	pH	pH =	9,54			

Para o apartado b), escriba en DATOS:

2º ión/composto soluble:	OH ⁻			12	pH
--------------------------	-----------------	--	--	----	----

En RESULTADOS, elixa «Concentración final de Cd²⁺»

Precipitación	Sí				
	[Cd ²⁺]·[(OH) ⁻] ² = 9,79·10 ⁻⁶ ·(0,0100) ²	>	K _s =	1,20·10 ⁻¹⁴	
Concentración final de Cd ²⁺	[Cd ²⁺] _e =	1,20·10 ⁻¹⁰ mol/L =	1,35·10 ⁻⁸ g/dm ³		

Cuestións e problemas das [Probas de avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade](#) (A.B.A.U. e P.A.U.) en Galiza.

[Respostas](#) e composición de [Alfonso J. Barbadillo Marán](#).

Alguns cálculos fixéronse cunha [folla de cálculo](#) de [LibreOffice](#) do mesmo autor.

Algunhas ecuacións e as fórmulas orgánicas construíronse coa extensión [CLC09](#) de Charles Lalanne-Cassou.

A tradución ao/desde o galego realizouse coa axuda de [traducindote](#), e de o [tradutor da CIXUG](#).

Procurouse seguir as [recomendacións](#) do Centro Español de Metrología (CEM).

Consultouse ao Copilot de Microsoft Edge e tivéronse en conta algunhas das súas respostas nas cuestións.

Actualizado: 04/10/24

Sumario

SOLUBILIDADE

<i>Solubilidade. Efecto do ión común</i>	1
1. A 25 °C o produto de solubilidade do $Ba(IO_3)_2$ é $6,5 \cdot 10^{-10}$. Calcula:.....	1
a) As concentracións molares dos ións iodato e bario.....	
b) A masa de iodato de bario que se pode disolver en 200 cm ³ de auga.....	
c) A solubilidade do citado sal, en g/dm ³ , nunha disolución de concentración 0,1 mol/dm ³ de KIO_3 a 25 °C considerando que este sal se atopa totalmente dissociado.....	
<i>Precipitación</i>	2
1. O produto de solubilidade do ioduro de prata é $8,3 \cdot 10^{-17}$. Calcula:.....	2
a) A solubilidade do ioduro de prata expresada en g·dm ⁻³	
b) A masa de ioduro de sodio que se debe engadir a 100 cm ³ de disolución de concentración 0,005 mol/dm ³ de nitrato de prata para iniciar a precipitación do ioduro de prata.....	
2. O produto de solubilidade do cloruro de chumbo(II) é $1,6 \cdot 10^{-5}$ a 298 K.....	4
a) Determina a solubilidade do cloruro de chumbo(II) expresada en mol/dm ³	
b) Mestúranse 200 cm ³ dunha disolución de concentración $1,0 \cdot 10^{-3}$ mol/dm ³ de $Pb(NO_3)_2$ e 200 cm ³ dunha disolución de HCl de pH = 3,00. Supoñendo que os volumes son aditivos indica se precipitará cloruro de chumbo(II).....	
3. Disponse dunha disolución que contén unha concentración de Cd^{2+} de 1,1 mg/dm ³ . Quérese eliminar parte do Cd^{2+} precipitándoo cun hidróxido, en forma de $Cd(OH)_2$. Calcula:.....	6
a) O pH necesario para iniciar a precipitación.....	
b) A concentración de Cd^{2+} , en mg/dm ³ , cando o pH é igual a 12.....	